

Le e debuxa.

OS MAIOS

A festa dos maios celébrase o día 1 do mes de maio, en moitos lugares de Galicia.

Nesta época os campos e os montes están floridos e o cuco está moi contento.

Na escola de Brais hai uns días que están xuntando flores, froitos e ovos.

Van facer un maio e así os nenos e nenas cantarán cantigas que eles mesmos inventaron; estas son algunhas:

Aí vén o maio
cuberto de flores,
fixémolo os nenos
con moitos amores.

Érguete maio,
moito durmiches
que pasou o cuco
e ti non o viches.

Para facer un maio precisamos:

casas de ovo, calas, pampillos, margaridas, fiunchos, laranxas.